

12° INFORME  
2022

# O ESTADO DA POBREZA EN GALICIA

SEGUIMIENTO DOS INDICADORES DE  
POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL DA AXENDA 2030 EN GALICIA



**#EstadoDePobreza**  
**#PobrezaGalicia**

EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social

[www.pobreza.gal](http://www.pobreza.gal)

## CONTIDO

---

<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>3</b>
<b>RISCO DE POBREZA E/OU EXCLUSIÓN SOCIAL (ARPE)</b> .....	<b>5</b>
Risco de pobreza e exclusión (ARPE) por CCAA .....	8
<b>COMPONENTES DA TAXA ARPE</b> .....	<b>9</b>
RISCO DE POBREZA.....	9
Pobreza severa .....	11
O papel das Administracións do estado.....	13
Pensións e pobreza: Fraxilidade das persoas maiores de 65 anos .....	14
BAIXA INTENSIDADE DE EMPREGO NO FOGAR (BITH).....	16
PRIVACIÓN MATERIAL E SOCIAL SEVERA (PMSS).....	17
Pobreza e acceso á vivenda: a emerxencia agrávase.....	21
<b>Desigualdade e reparto da renda entre a poboación</b> .....	<b>25</b>
<b>Resumo</b> .....	<b>29</b>

Este informe executivo forma parte do XII Informe “El Estado de la Pobreza en España 2022”<sup>1</sup> que vén de presentar a Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social do Estado Español (EAPN-España), da que EAPN Galicia - Rede Europea Contra a Pobreza forma parte.

En base á información oficial da Enquisa de Condicións de Vida 2021<sup>2</sup> do Instituto Nacional de Estatística (INE), Ministerio de Emprego e Seguridade Social ou Eurostat, preténdese ofrecer unha avaliación do grao de cumprimento **dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030** asumidos no 2015 tanto a nivel estatal como polas diversas comunidades autónomas. En especial o primeiro (ODS 1): “Para 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza en todas as súas dimensións con arranxo ás definicións nacionais”<sup>3</sup>

Especificamente, pretende avanzar no cumprimento da **Meta 11 do Plan Estratégico Galicia 2022-2030**, no que se establece o compromiso de que no 2030 “Reducirase a taxa de risco de pobreza ou exclusión social ata o 14%, o que suporía unha diminución de polo menos 150.000 no número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social”<sup>4</sup>

Este XII Informe amosa os cambios rexistrados no número de persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social mediante o estudo do indicador AROPE e as súas compoñentes entre 2015 e 2021, coa nova metodoloxía incorporada en 2021 de acordo cos obxectivos da Axenda Europa 2030. Para facilitar a comprensión e comparación con anos anteriores, no informe ofrécense tamén os datos de AROPE coa metodoloxía anterior da Estratexia Europa 2020.

Dos grandes parámetros estatísticos sobre pobreza, privación, desemprego e desigualdade, unha parte dos mesmos corresponde ao **indicador de risco de pobreza e/ou exclusión social da Unión Europea (AROPE)**. Este indicador resulta da agregación das persoas incluídas nestes tres conceptos:

- 1. Risco de Pobreza.** Ter uns ingresos inferiores ao chamado limiar da pobreza (60 % da mediana da renda nacional equivalente en unidades de consumo)<sup>5</sup>. En 2021 supuxo ingresar menos de 9.535 € ao ano (795 € ao mes) nun fogar dunha persoa, ou menos de 20.024 € ao ano (1.669 € ao mes) nun fogar con dous adultos e dous menores.
- 2. Baixa Intensidade laboral no fogar (BITH).** A intensidade laboral mide a relación entre o número de meses traballados efectivamente por todos os membros do fogar e o número total de meses que, en teoría, poderían traballar como máximo todas as persoas en idade de traballar do fogar. O indicador comprende ás persoas de 18 a 64

<sup>1</sup> <https://www.eapn.es/estadodepobreza/>

<sup>2</sup> Encuesta de condiciones de vida. Resultados 2021 <https://bit.ly/3CJfn2>

<sup>3</sup> <http://eapn-galicia.com/reducir-a-pobreza-de-galicia-a-metade-no-2030/>

<sup>4</sup> <https://www.planestrategico2030.gal/documents/20509601/20509661/Resumo-executivo-PEG-22-30.pdf/31420ac4-e1f7-4db4-a46f-0b12234d5881>

<sup>5</sup> En todo o informe utilízase o limiar estatal de pobreza e non os limiares de cada CCAA. Aínda que o uso de limiares rexionais é axeitado para realizar políticas e accións autonómicas contra a pobreza ao ter en conta os ingresos da poboación máis próxima, unha análise detallada da pobreza en España obriga a considerar que deberíamos estar ante un Estado cunha lexislación común, que negocia e asume responsabilidades de xeito solidario ante instancias supranacionais e para o que -se supón- a cohesión interterritorial como un dos seus valores.

anos -coa anterior metodoloxía era ata 59 anos- que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior ao 20% (agás persoas estudantes de 18 a 24 anos, xubiladas ou retiradas).

**3. Privación ou carencia material e social severa (PMSS).** Coa fin de adaptarse mellor aos requirimentos da Axenda 2030, o antigo indicador de **Privación Material Severa modifica a súa metodoloxía de construción e pasa a denominarse Privación Material e Social Severa**. Os cambios resúmense en que se amplían os seus ítems de 9 a 13 e o limiar para que unha persoa se considere en PMSS increméntase desde a incapacidade para consumir 4 dos 9 elementos anteriores, a 9 dos 13 actuais.


- Atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal ou compras a prazos nos últimos 12 meses.
- Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada.
- Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
- Non pode permitirse unha comida de carne, peixe ou o seu equivalente vexetariano cada dous días.
- Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos (650 €)
- Non pode permitirse dispor dun automóbil.
  
- + Non pode substituír mobles estragados ou vellos.
- + Non pode permitirse substituír roupa estragada por outra nova.
- + Non pode permitirse ter dous pares de zapatos en boas condicións .
- + Non pode permitirse reunirse con amigos e/ou familia para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes.
- + Non pode permitirse participar regularmente en actividades de lecer (deportes, cine, etc.)
- + Non pode permitirse gastar unha pequena cantidade de cartos en si mesmo cada semana.
- + Non pode permitirse conexión Web (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar.

O informe recolle o **impacto pleno da pandemia da COVID-19**, dado que os datos de pobreza se corresponden cos ingresos do 2020 e os resultados referidos ao apartado de Privación ou Carencia Material e Social severa foron obtidos no último trimestre do 2021.

## RISCO DE POBREZA E/OU EXCLUSIÓN SOCIAL (AROE)

O 25,2 % da poboación de Galicia estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social no 2021. Esta cifra é 2,6 puntos inferior á media nacional e con respecto ao ano pasado redúcese lixeiramente (en contraste coa estatal que sube 0,8 puntos), o que parece rematar coa evolución crecente da taxa rexistrada nos últimos tres anos. En termos absolutos, unhas **678.000 persoas residentes en Galicia- 4.000 menos que no 2020- estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social.**

### Indicador AROPE (Ax. 2030)




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Ao longo dos anos, Galicia mantivo unhas condicións de vida superiores ás do conxunto do territorio nacional na maioría dos indicadores. No último ano, en Galicia mantívose o AROPE e reduciuse o risco de pobreza e a pobreza severa. Con todo, incrementouse a porcentaxe de persoas en Privación ou carencia material severa (PMSS) pola suba das novas compoñentes introducidas a partires deste exercicio e, con menos forza, a Baixa intensidade no fogar (BITH).

Cómpre salientar que esta melloría na taxa AROPE galega sería superior de considerarse a metodoloxía utilizada ata o ano pasado para a súa medición e sen as novas compoñentes da PMSS (Europa 2020).

### Indicador AROPE: Comparativa nova e antiga metodoloxía



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Tendo en conta que estes datos correspóndese co impacto da pandemia polo COVID 19, a redución da taxa AROPE no último ano en Galicia e o lixeiro incremento da mesma no conxunto do estado **convidan a un certo optimismo ao comprobar o éxito de medidas de choque contra a pobreza** como os ERTE ou o Ingreso Mínimo Vital a nivel estatal, a non paralización da RISGA ou, sobre todo, a Tarxeta Básica na Xunta de Galicia e o esforzo en gran parte de concellos e dende logo organizacións do Terceiro Sector de Acción Social.


Moi lonxe da resposta baseada en recortes e austeridade da anterior crise económica do 2008.

Na actual crise motivada pola inflación e o aumento de prezos, sobre todo de produtos básicos e enerxéticos, non se debería frear este esforzo, en especial se se quere acadar o compromiso do Plan Estratégico Galicia 2022-2030 de reducir no 2030 ao 14% a taxa de risco de pobreza ou exclusión social.

Neste senso, a evolución da taxa en Galicia dende 2015, designado como ano de control da Axenda 2030, mostra un pequeno incremento de 0,3 puntos porcentuais. Aínda así, dende entón, o efecto da evolución crecente da taxa, combinada coa redución de poboación, **diminúe en ao redor de 1.000 persoas o número absoluto de residentes en Galicia que están en AROPE** dende o 2015.

Das 678.000 persoas que no 2021 estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social, **311.000 eran homes (12.000 menos que no ano anterior) e 367.000 mulleres (8.000 máis).**

**Indicador AROPE (AX. 2030) en Galicia por sexo**



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

A redución de AROPE entre os homes de 0,9 puntos contrasta co crecemento no das mulleres de 0,7 puntos, afondando na situación de **feminización da pobreza**. Trala excepción do 2019, a taxa nas mulleres volta a elevarse sobre a dos homes. Os valores porcentuais e absolutos poden consultarse na táboa posterior.


A propia metodoloxía da Enquisa de Condicións de Vida ofrece unha explicación engadida á diferenza da taxa AROPE entre sexos. Ao asignar a mesma situación de pobreza e vulnerabilidade a todos os membros de cada fogar e, dado que a gran maioría están compostos por familias nucleares, as diferenzas medidas por sexo prodúcense en gran parte pola **moi superior taxa de pobreza dos fogares compostos maioritariamente por mulleres, tales como os monoparentais (cunha taxa AROPE no conxunto do estado do 54, 3%) ou os das persoas maiores soas.**

**Indicador AROPE (Ax. 2030) poboación galega por sexo**

Galicia	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
POB. TOTAL	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819	2.695.645
Homes	1.317.054	1.309.809	1.304.392	1.300.609	1.298.964	1.300.153	1.297.301
Mulleres	1.415.293	1.408.716	1.403.947	1.401.134	1.400.535	1.401.666	1.398.344
% AROPE	24,9%	25,3%	23,0%	24,1%	24,2%	25,3%	25,2%
% Homes	24,3%	24,8%	20,8%	22,5%	24,1%	24,9%	24,0%
% Mulleres	25,5%	25,9%	25,0%	25,7%	24,4%	25,6%	26,3%
Total AROPE	680.630	688.848	622.467	652.201	654.579	682.671	678.409
Homes	319.929	324.780	271.958	292.446	313.355	323.438	311.317
Mulleres	360.784	364.157	350.725	359.915	341.237	359.270	367.201

Nota: destácanse os valores máis altos ao longo da serie  
Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

## Indicador AROPE (Ax. 2030) poboación galega por idade




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

**Respecto á taxa AROPE por idade**, en toda a serie, excepto en 2018, as persoas maiores de 65 anos están por baixo do resto. Para o 2021, **as cifras máis elevadas corresponden aos nenos, nenas e adolescentes (NNA)**, cuxa taxa alcanza ao 34%, case nove puntos sobre a que rexistran as persoas adultas (25,4%) e 15 puntos por encima da medida no grupo de maiores. Por outra banda, con respecto ao ano pasado incrementouse notablemente entre os NNA e con menor forza entre as persoas adultas, e reduciuse entre as persoas maiores.

Dende 2018, a **taxa AROPE cruzada por hábitat** tendeu a igualarse nas dúas categorías territoriais nas que se divide, ata chegar a converxer en torno ao 25%, tal e como testemuña o gráfico inferior. Neste sentido, **nas zonas urbanas rexistrouse un aumento de 2 puntos no último ano, mentres que, nas rurais reduciuse 3,1 puntos**. Respecto a 2015, nas zonas urbanas diminuíu 0,3 puntos mentres que nas urbanas aumentou 0,7.


## Indicador AROPE (AX. 2030) en Galicia por hábitat



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

## RISCO DE POBREZA E EXCLUSIÓN (ARPE) POR CCAA

### Indicador AROPE (Ax. 2030) por CCAA



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Castela e León, Canarias e Galicia manteñen valores semellantes ao 2015. No caso da comunidade autónoma Galega pasouse dunha taxa AROPE do 24,9% no 2015 ao 25,2% no 2021, de 680.354 persoas a 679.303, 1052 menos.

**Galicia mantense nunha posición media sobre o conxunto de comunidades autónomas**, aínda que mellora a súa distancia coa media nacional. É **unha das cinco comunidades autónomas que no 2021 melloraron a súa taxa** xunto a Cantabria, Cataluña, Asturias e Canarias.

Pola contra, Navarra, Castela e León, País Vasco, Baleares e a Rexión de Murcia incrementaron notablemente as súas taxas AROPE con cifras que oscilaron entre os 2,5 e 3,7 puntos porcentuais, cun incremento relativo entre o 14,7 e o 20%.


En termos absolutos, 13,1 millóns de persoas permanecen en toda España en risco de pobreza e/ou exclusión social no ano 2021, o que supón unha redución dunhas 208.000 persoas dende o ano 2015 (ano de control dos obxectivos da Axenda 2030), un 3,1%.

En nove comunidades autónomas aumentou a taxa AROPE entre 2015 e 2021, destacando o deterioro de Asturias, Cataluña e Aragón. En oito diminuíu, destacando Andalucía, País Vasco, Murcia e Baleares e de xeito mais discreto Castela A Mancha e a Comunidade Valencía.



RISCO DE POBREZA

Risco de pobreza




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Tras catro anos de práctico mantemento e tres anos máis de incremento, **a taxa de pobreza galega diminúe este ano e pasa a ser o 20,2 %**. Esta redución volve situar a taxa por baixo da media nacional, que aumenta no mesmo período. En termos absolutos, para 2021 en Galicia había 544.000 persoas en risco de pobreza, das cales 252.000 eran homes e 292.000 mulleres.

Con respecto ao ano 2015, cando a taxa de pobreza era do 19,4 %, o incremento foi de 0,8 puntos, o que se traduce nunhas 14.000 persoas máis en situación de pobreza. Con todo, se se compara co 2008, o indicador descendeu 0,7 puntos, o que, agregado á redución de poboación, resulta nunhas 37.000 persoas que saen da pobreza no conxunto do período.

Por sexo, de 2020 a 2021 o decrecemento da taxa nos homes foi de 2,3 puntos e nas mulleres de 1,4 puntos, un 11 % e un 6,4 % respectivamente. En termos absolutos, o número de persoas en risco de pobreza reduciuse en 31.000 homes e 20.000 mulleres o último ano. Doutra banda, dende 2015, nos homes a taxa practicamente non se modifica (aumento mínimo de 0,2 puntos) mentres que, nas mulleres, increméntase 1,3 puntos.

Risco de pobreza en Galicia por sexo



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

## Poboación galega en situación de pobreza por sexo

Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
POB. TOTAL	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819	2.695.645
Homes	1.344.268	1.349.603	1.350.547	1.349.591	1.343.328	1.335.122	1.325.657	1.317.054	1.309.809	1.304.392	1.300.609	1.298.964	1.300.153	1.297.301
Mulleres	1.439.901	1.446.486	1.447.106	1.445.831	1.438.170	1.430.818	1.423.038	1.415.293	1.408.716	1.403.947	1.401.134	1.400.535	1.401.666	1.398.344
% POBREZA	20,9%	20,6%	18,1%	16,1%	18,3%	17,2%	15,4%	19,4%	19,0%	18,7%	18,8%	20,0%	22,1%	20,2%
% Homes	19,5%	18,7%	17,9%	15,7%	18,3%	16,4%	14,9%	19,2%	19,1%	16,9%	18,8%	20,0%	21,8%	19,5%
% Mulleres	22,1%	22,4%	18,3%	16,6%	18,3%	17,8%	15,8%	19,6%	18,9%	20,5%	18,9%	20,0%	22,3%	20,9%
TOTAL POB. POBREZA	581.243	575.814	506.487	451.456	508.827	474.551	422.446	530.818	516.775	506.977	508.842	540.540	597.093	544.701
Homes	262.302	252.127	241.233	211.460	245.992	219.488	197.634	253.472	250.320	219.813	244.502	260.331	284.066	252.402
Mulleres	318.921	323.710	265.271	240.030	262.834	255.124	224.839	277.370	266.438	287.354	264.343	280.208	313.050	292.368


Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

**A taxa de pobreza por idade en 2021 é do 27,2 % nos NNA, do 19,1% nas persoas de 18 a 64 anos e do 18,8% naqueles maiores de 64 anos. Como sucede en xeral, a menor idade, maior risco de estar en pobreza.**

En canto ás persoas maiores, o comportamento da taxa de pobreza é algo diferente. Como se explicou en informes anteriores, os seus ingresos están fortemente determinados polo importe da pensión que reciben, que é relativamente constante e, por tanto, a súa taxa de pobreza específica é máis dependente das modificacións do limiar que dos seus propios ingresos. Isto produce que, en xeral, evolucionen en sentido inverso ás do resto da poboación: en épocas de crise, cando o limiar se reduce e as taxas de pobreza xerais se incrementan, as das persoas maiores, pola contra, tenden a reducirse, e o contrario sucede en épocas expansivas.

Esta idea pode aplicarse con claridade á evolución da pobreza de persoas maiores en Galicia, que pode verse na seguinte gráfica, cuxa taxa se reduciu notablemente entre os anos 2008 e 2013, é dicir, nos anos máis duros da crise e, cando as cousas melloraron, cambiou de sentido. En 2021, crise covid-19 mediante, a taxa volve reducirse.


### Pobreza en Galicia por idade



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Por outra banda, a **taxa de pobreza adoita ser maior nas zonas rurais que nas urbanas**, e así se rexistrou nos anos de crise. No período estudado a única excepción é o ano 2012, no que se produce un importante incremento na zona urbana. Para este ano, a taxa de pobreza das zonas rurais galegas é do 22,4 % e do 19,4 % nas urbanas.


### Pobreza en Galicia por hábitat



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

### POBREZA SEVERA

#### Pobreza Severa en Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

No 2021 a taxa de pobreza severa, medida cun limiar do 40 % da mediana de renda nacional, isto é, a porcentaxe de persoas que viven en fogares cun ingreso máximo de 530 € mensuais nun fogar dunha persoa ou 1112 € no de dous adultos e dous nenos ou nenas, en Galicia foi do 8,8 %. 237.769 persoas, 16.000 menos que no ano anterior.

Esta cifra supón unha mellora con respecto aos datos do ano pasado, pero avaliábelo nun contexto de incremento nacional da taxa. En calquera caso, desde o ano 2015, de referencia da nova Axenda 2030, as cifras eleváronse: 2,1 puntos porcentuais, o que equivale a un incremento algo superior ao 30%.


## Poboación galega en pobreza severa

Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
POB. TOTAL	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819	2.695.645
Homes	1.344.268	1.349.603	1.350.547	1.349.591	1.343.328	1.335.122	1.325.657	1.317.054	1.309.809	1.304.392	1.300.609	1.298.964	1.300.153	1.297.301
Mulleres	1.439.901	1.446.486	1.447.106	1.445.831	1.438.170	1.430.818	1.423.038	1.415.293	1.408.716	1.403.947	1.401.134	1.400.535	1.401.666	1.398.344
%POB. SEVERA	6,0%	7,0%	6,6%	6,7%	7,3%	6,3%	5,8%	6,7%	7,9%	10,4%	7,5%	7,9%	9,4%	8,8%
% Homes	5,3%	6,6%	6,9%	6,5%	6,5%	5,3%	5,9%	6,3%	7,3%	9,0%	7,6%	7,7%	10,2%	8,6%
% Mulleres	6,7%	7,4%	6,3%	7,0%	8,2%	7,3%	5,8%	7,2%	8,4%	11,7%	7,5%	8,0%	8,7%	9,0%
T. POBR. SEV.	168.199	195.908	184.399	188.367	204.074	174.359	160.799	183.980	213.632	281.553	203.296	212.144	253.711	237.769
Homes	71.896	88.616	93.556	87.291	86.660	70.448	77.901	82.484	95.575	117.661	98.395	100.435	132.294	111.661
Mulleres	96.293	107.298	90.819	101.095	117.479	103.999	82.897	101.560	118.149	164.031	104.897	111.722	121.343	126.128

Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV


Por sexo, e como xa ocorre noutros indicadores, as taxas son habitualmente superiores nas mulleres, aínda que este ano practicamente igualáronse. En 2021, a pobreza severa en Galicia foi do 8,6 % para os homes (fronte ao 10,2% do ano anterior) e do 9 % para as mulleres (8,7% no 2020).

### Pobreza severa en Galicia por sexo



Por outra banda e como xa se explicou anteriormente, en xeral, canto maior é a idade da persoa, menor é a súa taxa de pobreza severa. Despois duns anos de certa irregularidade, a regra volve cumprirse este último ano. Así, para 2021, a porcentaxe de nenos, nenas e adolescentes (NNA) en pobreza severa é o 13 %, nas persoas de 18 a 64 anos o 9,1 % e naquelas de 65 anos e máis é o 5,8 %.

### Pobreza severa en Galicia por idade



Finalmente, a taxa de pobreza severa nas zonas rurais leva dous anos por encima das urbanas. Para 2021, a taxa de pobreza severa na zona rural é do 10,1 % -tras manterse estable desde o ano pasado- e na urbana do 8,4 % -tras descender 0,5 puntos este ano. Con respecto ao ano 2015, a taxa aumentou para ambas as zonas, especialmente na rural.


Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

## O PAPEL DAS ADMINISTRACIÓN DO ESTADO

Na información do INE facilítase por primeira vez o efecto das actuacións e transferencias ás familias das diferentes administracións públicas. Esta información permite ver o esforzo amosado polo conxunto das diferentes administracións na loita contra a pobreza e a exclusión motivada polos efectos da pandemia.

A continuación preséntanse dous gráficos; o primeiro deles compara os datos de pobreza reais con aqueles que existirían sen a intervención do Estado (principalmente goberno central e Xunta) e sen ningunha transferencia de renda, mesmo sen pensións de xubilación ou supervivencia. O segundo compáraos coa renda, incluída a pensión de xubilación ou supervivencia, e sen ningunha outra transferencia.


### Efecto das transferencias na taxa de pobreza



O gráfico anterior mostra que, se non houberse transferencias, a taxa de pobreza para o último ano multiplicaríase por 2,5. Para 2021, a pobreza pasaría desde o 20,2% ata o 52,8%.

O gráfico seguinte mostra que, se só se inclúsen as pensións de xubilación e supervivencia e non se realizase ningunha outra transferencia, a taxa de pobreza incrementaría-se en máis de 10 puntos porcentuais. Noutras palabras, as transferencias produto da acción correctora do Estado (goberno central e Xunta) reducen case nun terzo as taxas de pobreza que resultarían nunha Galicia sen elas.

### Efecto das transferencias na taxa de pobreza



Dado que a diferenza entre ambas taxas (con/sen transferencias) no 2020 era de 5,7 puntos (27,8% fronte a 22,1%) mentres que no 2021 foi case o dobre, 10,4 puntos (30,6% fronte a 20,2%), pode entenderse que o incremento específico do 2021 (4,9 puntos) é unha estimación axeitada do efecto das novas accións de política social implementadas nese ano tanto polo goberno central como pola Xunta de Galicia. Aplicadas ás porcentaxes de poboación de cada ano, pode afirmarse que estas permitiron reducir a taxa de pobreza en Galicia en 4,9 puntos porcentuais, é dicir, unhas 127.000 persoas menos.

Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

## PENSIÓNS E POBREZA: FRAXILIDADE DAS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS

No detalle da análise da pobreza, cómpre unha análise específica das condicións especiais da poboación maior de 65 anos. A grande maioría ten a pensión como único ingreso, polo tanto, a súa situación de pobreza depende absolutamente de decisións políticas.

Máis do 88% son pensións de xubilación e viuvez e para a grande maioría deste grupo as súas rendas están practicamente determinadas polo importe da pensión que reciben.

Nº de pensións por Pobreza, Clase e Tramos de contía (a 31 decembro de 2021)	Limiar de pobreza (Mensual, 14 pagas)					
		681 €				
	Limiar de pobreza severa (Mensual, 14 pagas)		454 €			
<b>GALICIA</b>	Incapacidade permanente	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor familiar	Todas as pensións
Ata 150 €	388	15.792	8.281	2.132	63	26.656
De 150,01 a 454 €	3.208	56.255	62.320	12.857	1059	135.699
De 454,01 a 500 €	1.247	8.554	5.706	721	1.608	17.836
De 500,01 a 681 €	26.168	102.003	42.077	2.677	3.183	176.108
De 681,01 a 1,000 €	20.615	131.520	44.009	4.115	485	200.744
De 1.000,01 a 2.000 €	16.074	113.760	22.927	778	369	153.908
Máis de 2.000 €	2.998	55.073	188	59	16	58.334
Todos os tramos	70.698	482.957	185.508	23.339	6.783	769.285
<b>TOTAL POBREZA</b>	31.011	182.604	118.384	18.387	5.913	356.299
%	43,9%	37,8%	63,8%	78,8%	87,2%	46,3%
<b>TOTAL POBR. SEVERA</b>	3.596	72.047	70.601	14.989	1.122	162.355
%	5,1%	14,9%	38,1%	64,2%	16,5%	21,1%

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social

### Pensións baixo o limiar de pobreza e de pobreza severa

Provincia	Pobreza	Pobreza severa
Galicia	46,3%	21,1%
A Coruña	43,6%	19,6%
Lugo	53,9%	23,6%
Ourense	54,1%	26,3%
Pontevedra	42,7%	19,5%

A táboa anterior mostra que, **en Galicia, 356.299 persoas -unhas 47.800 menos que o ano anterior- reciben unha pensión cun importe inferior ao mínimo considerado para non ser pobre**. É dicir, case a metade, o 46,3 % de todas as pensións percibidas da rexión están por baixo do limiar de pobreza, que se sitúa no ano 2021 en 681 € ao mes (área sombreada, calculado para 14 mensualidades segundo o 60 % da mediana de renda).

Esta cifra reduciuse un 12,2% con respecto ao ano anterior, con todo, a pesar diso, **Galicia ostenta a máis elevada porcentaxe de pensións por baixo do limiar de pobreza**, tanto para mulleres como para homes. Neste sentido, máis da metade das mulleres (56,6 %) teñen pensións con importes por baixo do limiar da pobreza e case un terzo dos homes (30,8 %) están na mesma situación.

Se se consideran só as pensións de viuvez, o 63,8 % atópase nesta situación. Por outra banda, aínda que son relativamente poucas, deben destacarse as pensións de orfandade nas que o 78,8 % das prestacións teñen un importe inferior ao limiar de pobreza.

Ademais, para **o 21,1 % do total, o importe da pensión é inferior ao limiar de pobreza severa**, de 454 € este ano, e a cifra alcanza ao 39,2 % das prestacións por viuvez recibidas maioritariamente por mulleres. **Galicia é tamén a autonomía cun maior índice de pensións baixo o limiar da pobreza severa para ambos os sexos: 13,4 % para os homes e 27,7 % para as mulleres.**


A porcentaxe de pensións en Galicia baixo o nivel de pobreza é 10,8 puntos porcentuais máis elevado que a media nacional (35,5%). Para o caso da pobreza severa, a cifra é de 5,8 puntos máis elevada (15,3%). Estes datos son consistentes coa elevada porcentaxe de poboación maior en Galicia, só inferior a Asturias e igual ao de Castela e León. Tamén contribúe a composición por sexo, con maioría de mulleres, que, como se sabe, mantiveron carreiras de cotización interrompidas e de calidade moi deficiente en comparación coas dos homes.

A nivel provincial destaca o caso de Ourense, que ten os datos máis altos de pensións con importes inferiores aos limiares de pobreza e pobreza severa non só de Galicia, senón do total de todas as provincias de España.

## BAIXA INTENSIDADE DE EMPREGO NO FOGAR (BITH)

O indicador BITH refírese ás persoas entre 0 e 64 anos -coa anterior metodoloxía era ata 59 anos- que viven en fogares nos cales se traballa menos do 20% do seu potencial total de emprego.

### Indicador BITH (AX. 2030) en Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

O 10,2 % da poboación menor de 64 anos residente en Galicia vivía en fogares con baixa intensidade de emprego. A cifra supón un crecemento de 1,5 puntos respecto ao ano pasado e un punto de inflexión que acaba cun período de descenso case ininterrompido desde 2014.

Este incremento na taxa supuxo que 28.600 novas persoas residían en fogares con baixa intensidade de emprego no 2021. En total, 203.734 persoas nesta situación. Por outra banda, desde o ano 2015 a taxa descendeu 3,5 puntos, un 25 %.


### Galicia: Poboación en BITH por sexo (Ax. 2030, 0 a 64 anos)

Galicia	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
POB. T. (0 a 64)	2.076.440	2.057.215	2.042.400	2.028.813	2.019.715	2.013.995	2.001.505
Homes	1.040.021	1.029.736	1.021.832	1.014.296	1.009.254	1.006.363	999.945
Mulleres	1.047.995	1.036.419	1.027.479	1.020.568	1.014.517	1.010.461	1.007.632
% BITH	13,7%	13,3%	11,8%	11,0%	11,9%	8,7%	10,2%
% Homes	13,7%	12,5%	11,6%	10,5%	12,3%	9,4%	9,5%
% Mulleres	13,7%	14,1%	12,0%	11,5%	11,4%	8,0%	10,8%
BITH (0 a 64)	283.991	273.938	241.090	223.432	239.384	175.133	203.734
Homes	142.417	128.760	118.720	106.435	123.824	94.432	95.344
Mulleres	143.154	146.545	123.213	117.639	116.062	81.058	109.094

Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Por outra banda, a taxa BITH aumentou en ambos os sexos, aínda que de xeito máis pronunciado nas mulleres. En 2021 hai 95.000 homes en BITH, 912 máis que no ano anterior, e 109.000 mulleres, 28.000 máis que en 2020. En termos relativos, para 2021 as súas taxas respectivas son do 9,5 % e do 10,8 %.

### Indicador BITH (AX. 2030) en Galicia por sexo



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV



## PRIVACIÓN MATERIAL E SOCIAL SEVERA (PMSS)

Como se dixo na introdución, coa fin de adaptarse mellor aos requirimentos da Axenda 2030, o antigo indicador de Privación Material Severa (PMS) modifica a súa metodoloxía de construción e pasa a denominarse Privación Material e Social Severa (PMSS).


Os cambios resúmense en dúas cuestións principais: por unha banda, ampliáanse os seus compoñentes de 9 a 13 elementos de carencia e, por outra, o limiar para que unha persoa se considere en PMSS incrementábase desde a incapacidade para consumir 4 de 9 elementos anteriores, aos 9 dos 13 actuais.

Por unha banda, elimínanse os elementos que miden a capacidade de dispoñer dun teléfono, un televisor ou unha lavadora, que en caso de España rexistraban valores moi próximos a cero en todo o territorio nacional e non tiñan capacidade de discriminar.

Polo outro, incorpóranse novos elementos que conforman a carencia material e social severa. Aos elementos antigos, agrégase, a escala fogar, o concepto "Non pode substituír mobles estragados ou vellos" e a nivel persoal agréganse os seguintes conceptos:

- Non pode permitirse substituír roupa estragada por outra nova, ou ben permitirse ter dous pares de zapatos en boas condicións.
- Non pode permitirse reunirse con amigos/familia para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes.
- Non pode permitirse participar regularmente en actividades de lecer.
- Non pode permitirse gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmo.
- Non pode permitirse conexión a internet.

### PMSS e PMS: Comparativa



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Co indicador anterior de Privación Material Severa é salientable a redución do 5,2% ao 3,8% e especificamente dalgúns dos items que o compoñen. A utilización do novo indicador de Privación Material e Social Severa xera un aumento da taxa entre 1 e 4 puntos porcentuais con respecto ao anterior para a maioría dos anos nos que está dispoñible. A diferenza da PMS, en Galicia a PMSS incrementouse no último ano ata chegar ao 6,2 %. En termos absolutos, en Galicia hai unhas 167.000 persoas con Privación Material Social e Severa, das cales unha gran maioría (96.000) son mulleres. Respecto a 2015, ano base da Axenda 2030, en 2021 produciuse un incremento de 2,3 puntos porcentuais.


## Poboación en Privación Material e Social Severa (Ax. 2030) por sexo

Galicia	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
POB. TOTAL	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819	2.695.645
Homes	1.317.054	1.309.809	1.304.392	1.300.609	1.298.964	1.300.153	1.297.301
Mulleres	1.415.293	1.408.716	1.403.947	1.401.134	1.400.535	1.401.666	1.398.344
% PMS	3,9%	4,9%	3,2%	6,1%	5,4%	3,2%	6,2%
% Homes	3,8%	4,4%	2,7%	5,5%	5,7%	3,4%	5,5%
% Mulleres	3,9%	5,4%	3,7%	6,7%	5,2%	3,1%	6,9%
TOTAL POB. PMS	105.380	132.927	87.679	164.630	146.711	87.409	167.234
Homes	49.850	57.081	35.683	71.156	74.295	43.855	71.463
Mulleres	55.541	75.966	52.048	93.515	72.378	43.543	95.853

Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV


Por sexo, a pesar de seguir unha traxectoria similar, para case todos os anos as mulleres rexistran unha taxa algo máis elevada que a dos homes. Para o ano 2021, a taxa PMSS feminina é da 6,9 % fronte ao 5,5 % dos homes.

### PMSS (Ax. 2030) en Galicia por sexo



A diferenza dos indicadores anteriores relacionados coa pobreza, a PMSS ten unha evolución moi complexa na que varía cada ano a posición dos grupos de idade. Con todo, desde 2020, canto máis avanzada é a idade, menor é a PMSS. Actualmente, nas persoas menores de 18 anos a PMSS é o 10,6 %, nas de 18 a 64 anos o 6,7 % e nas de 65 e máis o 2,6 %.

### PMSS (Ax. 2030) en Galicia por idade



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Para facer unha análise axeitada, neste ano de transición **é obrigado o estudo dos trece items que compoñen a nova taxa de Privación Material Social e Severa**. Así, 11 deles rexistran datos inferiores á media nacional e só 2 se manteñen por encima. Neste último caso están as persoas que non poden irse de vacacións e, cunha diferenza moi ampla, as que non poden permitirse conexión Web.

## Galicia: ÍTEMS DE PRIVACIÓN MATERIAL E SOCIAL SEVERA (Ax. 2030) PARA MAIORES DE 15 ANOS

Nacional	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Retrasos en pago de gastos de vivenda principal ou compras a prazos nos últ. 12 meses	8,2%	11,7%	10,6%	9,3%	9,4%	8,3%	13,5%	14,4%
Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada	5,9%	10,6%	10,1%	8,0%	9,1%	7,6%	10,9%	14,3%
Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	36,2%	41,5%	40,3%	34,3%	34,1%	33,5%	34,5%	32,7%
Non pode permitirse unha comida de carne ou peixe cada dous días	2,2%	2,6%	2,9%	3,7%	3,6%	3,8%	5,4%	4,7%
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	29,9%	39,8%	38,7%	36,6%	35,9%	33,9%	35,4%	33,4%
Non pode permitirse dispoñer dun automóbil	5,9%	5,8%	6,0%	4,7%	5,1%	4,7%	4,9%	4,9%
Non pode substituír os mobles estragados ou vellos		38,8%	39,3%	33,9%	32,3%	31,0%	30,6%	27,5%
Non pode permitirse substituír as roupas estragadas por outras novas		5,5%	6,3%	7,5%	8,9%	7,8%	11,2%	8,8%
Non pode permitirse dous pares de zapatos		1,3%	2,1%	3,5%	2,7%	2,8%	2,6%	2,4%
Non pode reunirse con amigos e/ou fam. para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes		7,1%	9,5%	9,7%	10,1%	9,0%	8,4%	8,6%
Non pode participar regularmente en actividades de ocio (deportes, cine, etc.)		15,0%	16,9%	14,2%	13,9%	14,0%	11,1%	12,5%
Non pode gastar una pequena cantidade de diñeiro en si mesmo c/ semana		13,1%	13,8%	13,7%	14,3%	13,1%	14,6%	15,1%
Non pode permitirse conexión Web (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar		5,4%	6,9%	6,1%	5,6%	4,8%	2,8%	2,7%
Galicia	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Retrasos en pago de gastos de vivenda principal ou compras a prazos en últ. 12 meses	3,4%	7,8%	6,4%	4,5%	3,9%	5,6%	8,5%	9,0%
Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada	8,9%	13,7%	9,1%	6,7%	4,8%	6,0%	9,6%	13,1%
Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	38,4%	48,3%	46,3%	38,7%	42,6%	41,1%	37,4%	37,1%
Non pode permitirse unha comida de carne ou peixe cada dous días	1,1%	1,2%	1,1%	3,3%	1,3%	8,9%	14,9%	2,1%
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	24,4%	27,4%	28,9%	21,6%	20,3%	24,4%	28,1%	24,7%
Non pode permitirse dispoñer dun automóbil	3,9%	2,3%	2,3%	2,0%	2,9%	1,8%	1,3%	1,9%
Non pode substituír os mobles estragados ou vellos		31,9%	30,1%	24,4%	23,1%	22,5%	15,8%	19,9%
Non pode permitirse substituír as roupas estragadas por outras novas		3,5%	3,5%	3,1%	4,8%	4,3%	5,3%	5,9%
Non pode permitirse dous pares de zapatos		0,4%	0,5%	1,1%	0,6%	0,6%	0,6%	1,5%
Non pode reunirse con amigos e/ou fam. para comer ou tomar algo polo menos una vez ao mes		2,5%	5,0%	8,0%	13,2%	9,8%	3,1%	5,9%
Non pode participar regularmente en actividades de ocio (deportes, cine, etc.)		8,5%	9,1%	8,2%	16,3%	14,0%	5,0%	9,3%
Non pode gastar una pequena cantidade de diñeiro en si mesmo c/ semana		8,6%	8,4%	13,9%	15,9%	10,5%	7,0%	11,1%
Non pode permitirse conexión Web (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar		24,9%	23,4%	23,0%	13,5%	15,8%	18,0%	13,6%


Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Por outra banda, en relación co ano pasado descendieron 4 dos ítems e outros 9 aumentaron. Sublíñase o incremento das persoas que non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada, que pasa do 9,6 % ao 13,1 % (no seguinte apartado analízase especificamente a problemática do acceso á vivenda), e as persoas que non poden participar regularmente en actividades de lecer, que aumenta do 5 % ao 9,3 %.

Doutra banda, entre os que descenden, destácase a redución tanto daquelas persoas que non poden permitirse unha conexión web (do 18 % ao 13,6 %) ou a de non ter capacidade para un gasto imprevisto de 650€ (do 28,1 % ao 24,7 %) pero especialmente daquelas **persoas que non poden permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días, que se reduce do 14,9 % ao 2,1 %**.


Neste indicador específico é onde se percibe o **éxito de medidas de emerxencia da Xunta de Galicia como a Tarxeta Básica** para adquirir de xeito áxil produtos de primeira necesidade (alimentos, hixiene e farmacia) a familias en pobreza severa.

### Non pode participar regularmente en actividades de ocio (deportes, cine, etc)




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

### Non pode permitirse carne ou pescado cada dous días



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

### Non pode permitirse conexión Web (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV


## POBREZA E ACCESO Á VIVENDA: A EMERXENCIA AGRÁVASE

Como se indica noutros apartados deste informe e no do ano pasado, e como denuncian de xeito continuado a maioría das persoas e familias en pobreza, especialmente a máis severa, as dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible agraváronse no último ano.

Esta situación de emerxencia residencial segue a ser o principal obstáculo para a saída da pobreza que viven milleiros de familias galegas ao actuar como un aspirador de rendas que restrinxe os seus ingresos e obriga a priorizar os gastos vinculados coa vivenda sobre outras necesidades básicas e impedindo de facto calquera esperanza de éxito nos procesos de inclusión social e loita contra a pobreza.

**En Galicia, o 5,4% da poboación ten gastos de vivenda superiores ao 40% da súa renda dispoñible, con todo, entre as persoas pobres a cifra practicamente quintuplicase e alcanza o 24,8%.**

### Galicia: Gasto elevado en vivenda segundo pobreza



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Tal como mostra a gráfica anterior, as cifras sempre foron moi elevadas nas persoas pobres. Para este último ano, ademais, o crecemento foi superior para estas -1,9 puntos- fronte ao incremento de 0,1 no total da poboación.


Ademais, debe destacarse que **o 19,5 % das persoas na pobreza gasta en vivenda máis da metade da súa renda**. Para a totalidade da poboación galega, a cifra é do 4,2%.

Por outra banda, os fogares con nenas, nenos e adolescentes (NNA) son máis propensos a ter un gasto elevado na vivenda e, no conxunto nacional, as diferenzas chegaron a ser superiores aos catro puntos porcentuais. Para este ano, as diferenzas son pequenas e o 10,9% dos fogares con menores teñen un gasto elevado en vivenda, cifra que está algo máis de dous puntos por encima da rexistrada en familias sen menores ou adolescentes.

Para Galicia, con todo, o problema é menos intenso e os valores son aproximadamente a metade dos nacionais; así por exemplo, **en 2021, o 5,8% dos fogares con menores teñen gasto elevado en vivenda, cifra que é só sete décimas superior á dos fogares sen menores**. En calquera caso, a evolución recente foi peor para os primeiros: no último ano,

o indicador diminuíu 1 punto para os fogares sen menores e incrementouse 1,4 puntos, un 19 %, para os fogares con menores.


### Galicia: Gasto elevado en vivenda segundo menores no fogar



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

A falta de espazo na vivenda<sup>6</sup> é outro elemento que afecta de forma máis severa ás persoas en risco de pobreza. O 2,3% das persoas residentes en Galicia habitan unha vivenda con falta de espazo, cifra que practicamente se duplica no caso das persoas en pobreza (4%).

### Galicia: Vivenda con falta de espazo segundo pobreza




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

A falta de espazo na vivenda afecta con máis intensidade aos fogares con NNA, nos cales a taxa supera nun punto -o equivalente a un 58%- á rexistrada no resto dos fogares. En 2021 a falta de espazo afectaba ao 2,9% dos primeiros fronte ao 1,9% dos segundos. Con todo, esta circunstancia mellorou notablemente desde 2015 para os fogares con menores mentres empeorou nos demais.

<sup>6</sup> Unha vivenda con espazo suficiente debe dispor dunha habitación por parella adulta, unha para cada persoa soa de 18 e máis anos, unha para dúas persoas do mesmo sexo con idades comprendidas entre 12 e 17 anos de idade, unha para unha persoa soa con idade comprendida entre 12 e 17 anos non incluída na categoría anterior e unha habitación por parella de nenos menores de 12 anos

## Galicia: Vivenda sen espazo suficiente segundo menores no fogar




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECVA situación de emerxencia residencial na que viven milleiros de familias galegas obsérvase no empeoramento dos conceptos que teñen relación coa vivenda dentro do indicador de Privación Material e Social Severa. O que contrasta notablemente coa mellora de indicadores que son "competencia" dos departamentos de Política Social.

A porcentaxe **de persoas que manteñen retrasos no pagamento de gastos de vivenda principal incrementouse de novo: do 5,6% no 2019, ao 8,5% no 2020 e ao 9% no 2021**. E a de quen **non pode manter a vivenda cunha temperatura axeitada aumentou tamén dende o 6% no 2019 ata o 9,6% no 2020 e un 13,1% no 2021**. Incluso aumentou a taxa de persoas que non poden substituír os mobles estragados ou vellos: do 15,8% no 2020 ata o 19,9% no 2021.

Cómpre salientar que estes datos son anteriores ao recente incremento de prezos da enerxía motivado pola guerra en Ucraína, polo que é previsible un novo incremento nos datos do 2022.

## Non pode manter a vivenda a unha temperatura adecuada



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Como reforzo da evidencia do empeoramento dos aspectos relacionados coa vivenda, e pendentos de obter a información do 2021, facilitáanse datos da ECV 2020 que reflicten o **impacto das condicións de acceso a unha vivenda digna** no conxunto do estado e en menor medida en Galicia: luz natural, ruídos, contaminación, etc.

<b>Total Nacional</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>
Escaseza de luz natural	5,1	5,7	10,8
Ruídos producidos por veciños ou do exterior	17	14,2	22,1
Contaminación e outros problemas ambientais	9,8	9,8	12
Delincuencia ou vandalismo	11,1	11,5	14,1
Ningún problema	71,3	73,3	60,7
<b>Galicia</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>
Escaseza de luz natural	2,9	2,6	5,6
Ruídos producidos por veciños ou do exterior	9,9	6,5	13,9
Contaminación e outros problemas ambientais	4,6	2,1	5,6
Delincuencia ou vandalismo	7,8	8,2	7
Ningún problema	78,7	83,6	73,6




## DESIGUALDADE E REPARTO DA RENDA ENTRE A POBOACIÓN

A renda media por persoa en Galicia é de 11.453 €, 816 € inferior á renda media nacional. Esta distancia acrecéntase especialmente desde o ano 2018. Con respecto ao ano anterior, a renda por persoa en Galicia mantén unha tónica semellante á nacional, cunha lixeirísima diminución valorada en 16 €.


Similares conclusións, pódense aplicar á renda por unidade de consumo. Para 2021 é de 16.785 €, cifra que é 1.318 € inferior á media nacional e cun lixeiro incremento de 28 € no último ano. En cambio, para o total nacional só descendeu 13 €.

### Renda media por persoa



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

### Renda media por unidade de consumo



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Por outra banda, a poboación galega cuxos ingresos por unidade de consumo están no grupo do 10% da poboación nacional con renda máis baixa (decil 1 de renda nacional, cuxos ingresos máximos son de 6.285 € ao mes) descendeu dende o 9,7% ata o 8,6%, o que implica unha **diminución significativa da poboación máis vulnerable**. Polo lado contrario, subiu lixeiramente (desde o 5,6% ao 5,7%) a porcentaxe de persoas no decil 10, que son aquelas con maiores ingresos e, en calquera caso, superiores a 32.059 €.

Por sexo, o decrecemento de 2020 a 2021 no decil 1 é notablemente maior nos homes que nas mulleres. Con todo, no decil 10 o incremento foi lixeiramente superior nas mulleres.

En consonancia coa diminución en Galicia da porcentaxe de persoas no decil 1, e, na práctica, o mantemento no decil 10, xa explicitado, **o índice de Gini descendeu este ano, ampliando a súa distancia a 3,8 puntos respecto á media nacional**. En cifras, en Galicia o índice pasou desde 29,7 ata 29,2, fronte ao incremento ata 33,0 nacional. Finalmente, debe notarse que o índice mantén unha senda de redución desde o ano 2015.


<b>Galicia: Persoas por decil nacional de renda e sexo por U.C.</b>									
Decil	Sexo	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
D1	Home	7,5%	5,7%	6,2%	8,8%	8,4%	9,2%	10,5%	8,4%
	Muller	8,8%	6,6%	7,6%	11,4%	9,2%	8,6%	9,0%	8,8%
	Total	8,2%	6,2%	6,9%	10,1%	8,8%	8,9%	9,7%	8,6%
D2	Home	12,2%	10,0%	9,6%	7,4%	8,5%	10,7%	10,8%	9,7%
	Muller	13,5%	9,8%	8,6%	7,7%	7,8%	11,1%	11,9%	10,7%
	Total	12,9%	9,9%	9,1%	7,6%	8,2%	10,9%	11,4%	10,2%
D3	Home	13,6%	10,0%	9,7%	6,8%	9,0%	8,7%	9,5%	9,9%
	Muller	13,5%	11,8%	11,2%	8,3%	11,1%	10,8%	10,8%	10,7%
	Total	13,5%	10,9%	10,5%	7,6%	10,1%	9,8%	10,2%	10,3%
D4	Home	11,6%	11,1%	12,9%	10,7%	11,1%	9,0%	9,4%	11,8%
	Muller	12,5%	11,5%	13,1%	11,4%	11,8%	11,3%	10,5%	11,3%
	Total	12,1%	11,3%	13,0%	11,1%	11,4%	10,1%	10,0%	11,5%
D5-D8	Home	43,0%	46,2%	43,9%	49,3%	42,9%	46,0%	42,5%	45,3%
	Muller	40,1%	45,0%	43,3%	47,1%	43,2%	41,0%	42,7%	44,3%
	Total	41,5%	45,6%	43,6%	48,2%	43,0%	43,4%	42,6%	44,8%
D9	Home	7,1%	8,9%	9,8%	8,3%	9,7%	9,0%	11,5%	9,2%
	Muller	6,0%	8,2%	8,1%	6,6%	7,5%	9,2%	9,7%	8,6%
	Total	6,6%	8,6%	9,0%	7,4%	8,6%	9,1%	10,5%	8,9%
D10	Home	5,0%	8,1%	7,9%	8,7%	10,4%	7,5%	5,7%	5,8%
	Muller	5,6%	7,1%	8,2%	7,4%	9,5%	7,9%	5,4%	5,6%
	Total	5,3%	7,5%	8,0%	8,0%	9,9%	7,7%	5,6%	5,7%

O indicador S80/S20, que mide a relación de renda entre o 20% con maiores ingresos e o 20% con ingresos máis baixos da poboación e o indicador S90/S10, que o fai entre o 10% máis rico e o 10% máis pobre, seguen unha traxectoria similar ao Índice Gini.

En primeiro lugar, para 2021, o 20% da poboación con maiores ingresos de Galicia recibe unha renda 5 veces superior á do 20% máis pobre. Se se considera o S90/S10, o 10% máis rico recibe 9,2 veces o que ingresa o 10% máis pobre.

En segundo lugar, ambos os índices teñen o seu pico no ano 2017. A partir deste ano o S80/S20 inicia un período de descenso ata a actualidade, mentres que o S90/S10 se estabiliza ao redor dos valores de 2018.


## S80/S20



Por último, unha análise comparativa dos diferentes indicadores de desigualdade que se analizan neste informe mostra certas insuficiencias. Neste sentido, as variacións na porcentaxe de persoas nos diferentes deciles adoitan interpretarse en clave de desigualdade: un desprazamento centrífugo das persoas cara aos deciles extremos asóciase a un incremento da desigualdade e o contrario se o desprazamento é centrípeto e se incrementan os deciles centrais.

Con todo, considerar ese único factor pode levar a conclusións inexactas e non só importa en cada decil a porcentaxe ou número de persoas, senón que tamén interesan as variacións de renda dentro de cada un deles. Noutras palabras, non é o mesmo un incremento ou redución de persoas, que de ingresos; poden suceder ambas, ou só unha delas.


## S90/S10



Por exemplo, en Galicia, a redución do índice de Gini, da relación S80/S20 e da relación S90/S10, aínda que pequena, suxire un desprazamento centrípeto e unha redución tanto dos deciles máis baixos como dos máis altos. Isto é así e a suma dos deciles 1 ao 3 redúcese desde o 31,3% ata o 29,1% e, no caso dos deciles 8 a 10, tamén se reduce desde o 26,1% ata o 24,7%. Un corolario de todo isto é **o incremento da clase media en Galicia**, representada aquí polos deciles 4 a 7, que pasa do 42,6% ata o 46,2%.


Con todo, **ao mesmo tempo que se reduciu o tamaño do grupo de persoas nos deciles extremos, reducíronse, tamén en ambos, os ingresos medios das persoas. En calquera caso a redución foi moito máis intensa no grupo máis pobre.**

## Índice de Gini




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

### España: Incremento 2020-2021 da renda por U.C. Segundo deciles (%)



### Galicia: Incremento 2020-2021 da renda por U.C. Segundo deciles (%)



Respecto aos cambios na renda, os dous gráficos mostran a variación porcentual de renda por unidade de consumo entre 2020 e 2021 en España e en Galicia para os tres deciles máis altos e os tres máis baixos. En ambos pode observarse un resumo gráfico das dificultades que enfrontaron as persoas máis vulnerables no ano de crise sanitaria, social e económica derivada da covid-19, tanto a nivel nacional como na rexión.

En xeral, para España no seu conxunto **apréciase unha diminución intensa da renda para os deciles máis pobres e un incremento para o caso dos tres deciles con mellores ingresos. En Galicia, a redución da renda media xeneralízase nos deciles extremos, aínda que con maior intensidade nos grupos máis pobres.**

Para o caso do decil 1, o que agrupa ás persoas máis pobres, a renda media por unidade de consumo reduciuse en España desde os 4.042 € ata os 3.651 €, é dicir, unha diminución do 9,7%; con todo, en Galicia a renda para este grupo reduciuse desde os 3.758 € ata os 3.462 €, é dicir, unha diminución do 7,9%.

Polo lado contrario, en Galicia as rendas dos deciles 10 e 9 rexistraron unha pequena redución, co que practicamente se mantiveron nos dous últimos anos ao redor dos 40.200 € para o primeiro e 28.200 € para o segundo. Compre salientar que as rendas do decil 10 multiplican por 12 as rendas medias do decil 1.

**Pode concluírse, entón, que Galicia conseguiu reducir lixeiramente o importante aumento da desigualdade nacional que se produciu nos anos da crise COVID.**

### RISCO DE POBREZA E/OU EXCLUSIÓN

- No 2021 **678.000 persoas residentes en Galicia** - o 25,2% da poboación - estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social (AROPE). **4.000 persoas menos que no 2020**.
- Os indicadores, en especial o de pobreza, mantéñense por debaixo dos do conxunto do estado, onde a taxa AROPE aumenta do 27% no 2020 ao 27,8% no 2021.
- Os datos reflicten o impacto da pandemia polo COVID 19 pero tamén o **relativo éxito das medidas de choque contra a pobreza tanto a nivel estatal** (ERTE ou Ingreso Mínimo Vital) **como na Xunta** (mantemento RISGA ou, sobre todo, a Tarxeta Básica), **concellos e organizacións do Terceiro Sector** de Acción Social.
- Coa leve diminución de 1.000 persoas da taxa AROPE dende o 2015, **avánzase na meta do Plan Estratégico Galicia 2022-2030** de reducir no 2030 ao 14%. Sempre que non se free o esforzo orzamentario contra os efectos da crise motivada pola inflación e o aumento de prezos, sobre todo de produtos básicos e enerxéticos.
- **Agrávase a feminización da pobreza**. Das 678.000 persoas que no 2021 estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social, 311.000 eran homes (12.000 menos que no ano anterior, 0,9 puntos menos) e 367.000 mulleres (8.000 e 0,7 puntos mais). En especial en **fogares monoparentais (54,3%) ou os das persoas maiores soas**.
- **O risco de pobreza e exclusión infantil e xuvenil apenas diminúe. As cifras máis elevadas corresponden aos nenos, nenas e adolescentes (NNA), cuxa taxa alcanza ao 34%**, case nove puntos sobre a que rexistran as persoas adultas (25,4%) e 15 puntos por encima da media no grupo de maiores que ven mellorada a súa situación polo estabilidade das pensións.
- **Nas zonas urbanas rexistrouse un aumento de 2 puntos da taxa AROPE no último ano, mentres que, nas rurais, tradicionalmente superiores, reduciuse 3,1 puntos**. Ambas converxen no 25%.

### RISCO DE POBREZA

- A **taxa de pobreza galega diminúe este ano e pasa do 22,1% ao 20,2%**. Esta redución volve situala por baixo da media nacional, que aumenta lixeiramente no mesmo período (do 21% ao 21,7%). O decrecemento da taxa nos homes foi de 2,3 puntos e nas mulleres de 1,4 puntos, un 11% e un 6,4% respectivamente.
- A **taxa de pobreza elevaríase un mínimo de 4,9 puntos (ata ao 25,1%), 127.000 persoas, sen as medidas extraordinarias de política social implantadas para combater os efectos da pandemia**, tanto de goberno central (ERTE, IMV, etc.) como da Xunta de Galicia (RISGA, Tarxeta Básica, etc.)

### POBREZA SEVERA

- **A taxa de pobreza severa** (con ingresos máximos de 530€ mensuais nun fogar dunha persoa ou 1.112€ no de dous adultos e dous nenos ou nenas), **tamén diminuíu, do 9,4% ao 8,8%. 237.769 persoas**, 16.000 menos que no ano anterior.

## POBREZA E PENSÍONS

- **356.299 galegas e galegos reciben unha pensión cun importe inferior ao mínimo considerado para non ser pobre** (681€ ao mes), o 46,3% do total. O 56,6% no caso das mulleres e o 30,8% na dos homes.
- Malia redución do 12,2% respecto ao ano anterior (47.800 menos), **Galicia segue a ser a comunidade autónoma coa máis elevada porcentaxe de pensións por baixo do limiar de pobreza**. Tamén a de **pensións por debaixo do limiar da pobreza severa cun 21,1% (162.355 persoas)**. 13,4% para os homes e 27,7% para as mulleres.

## BAIXA INTENSIDADE DE TRABALLO NO FOGAR

- **10,2% da poboación menor de 64 anos residente en Galicia vivía no 2021 en fogares con baixa intensidade de emprego** (nos que se traballa menos do 20% do seu potencial de emprego). A cifra supón un crecemento de 1,5 puntos respecto ao 2021 pero **afecta maioritariamente ás mulleres**. A súa taxa pasa do 8% ao 10,8 % mentres que a dos homes apenas varía (do 9,4% ao 9,5%).

## PRIVACIÓN MATERIAL E SOCIAL SEVERA

- **O novo indicador de Privación Material e Social Severa situase no 6,2% da poboación, 167.234 persoas, o 57% mulleres.**
- Dentro dos elementos que compoñen o indicador de Privación Material e Social Severa **melloran os vinculados con medidas de inclusión social**, como a Dificultade para afrontar gastos imprevistos (do 28,1% ao 24,7%) ou especialmente o de **Non poder permitirse unha comida de carne polo ou peixe cada dous días, que baixa do 14,9% ao 2,1%, demostrando o éxito incontestable de medidas como a Tarxeta Básica.**

## A EMERXENCIA DA VIVENDA AGRÁVASE

- Todos os parámetros certifican o **agravamento da emerxencia residencial** e de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible: o **24,8% das persoas en pobreza dedican mais do 40% da súa renda dispoñible a gastos de vivenda (o 22,9% no 2020)**, o 19,5% gasta mais da metade da súa renda. Datos que se agravan nas familias con menores.
- No 2021 **aumentaron de novo os fogares con retrasos no pago de gastos da súa vivenda, do 8,5% ao 9%**, duplicando a taxa do 2017.
- No ano anterior ao aumento de prezos de enerxía pola guerra de Ucraína, **aumentan as persoas que non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada. Do 9,6% no 2020 ao 13,1% no 2021.**

## DESIGUALDADE

- A redución da taxa de pobreza e as medidas de apoio á clase media e baixa **permitiron mellorar os indicadores de desigualdade**. O Índice de Gini pasou de 29,7 a 29,2 (a nivel estatal subiu do 32,1 ao 33) e indicador S80/20 do 5,1 ao 5,0.

**#EstadoDePobreza**  
**#PobrezaGalicia**

**MÁS INFORMACIÓN EN:**

[www.pobreza.gal](http://www.pobreza.gal)

[www.eapn.es/estadodepobreza/](http://www.eapn.es/estadodepobreza/)

